

semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do Mibor e Euribor, en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o primeiro semestre de 2006 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,500%.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2005.

José Antonio Delgado Arce
Director general del Instituto Galego de Promoción Económica

Resolución do 12 de decembro de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o primeiro semestre de 2006 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 24 de marzo de 2003 publicouse o programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 63, do 31 de marzo de 2003).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do Mibor e Euribor, en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o primeiro semestre de 2006 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,500%.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2005.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS CONSELLERÍA DE TRABALLO

Corrección de erros.-Orde do 22 de novembro de 2005 pola que se resolve parcialmente a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 9 de setembro de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 178, do 15 de setembro).

Advertido erro na dita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 236, do 12 de decembro, cómpre facer a seguinte rectificación:

Na páxina 19.486, anexo, grupo, onde di: «A», debe dicir: «B».

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE PADRÓN

Edicto (331/2004).

Dou fe e testemuño de que no procedemento arriba citado se ditou sentenza, cuxo encabezamento e parte dispositiva literal é o seguinte:

«Ana Rodríguez Piorno, xuíza substituta do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Único de Padrón, ditou esta resolución nos autos de xuízo ordinario número 331/2004, seguidos por este xulgado, no que actuou como demandante Aurelia García Barros, representada polo procurador Sr. García-Piccoli Atanes e asistida polo letrado Sr. Bartolomé López, e como demandados Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (Ofesauto), representada polo procurador Sr. Belmonte Pose, coa asistencia do letrado Sr. Platas Casteleiro, *Groupama Plus Ultra*, intervindo o procurador Sr. Barreiro Fernández así como o letrado Sr. Ferreiro Casal e Arthur Nowdkisak, *Elan-Transp. Mercadorías, Lda. Transrio, S.A.*, en situación de rebeldía procesual.

DISPOÑO:

Que debo estimar parcialmente a demanda interposta pola representación de Aurelia García Barros contra os demandados referidos no encabezamento desta sentenza, condenando estes a que solidariamente lle aboen a cantidade de 14.900 euros á actora por danos e perdas, ademais dos interesados correspondentes do artigo 20 da LCS, desde a data do sinistro ata o día en que se fixo efectiva a consignación correspondente.